



Fernando Pérez Fernández, alcalde do Concello de Vilasantar, na data da sinatura electrónica, en presenza da secretaria de dito concello, emito o seguinte decreto:

APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE DISFRACES DO CONCELLO DE VILASANTAR PARA O ANO 2023.

Expediente: 2023/G003/000027

Visto o artigo 25.2, nos seus apartados l) e m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, mediante os que os municipios exercerán en todo caso competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas materias de ocupación do tempo libre e promoción da cultura.

Visto que os concellos son competentes para a promoción da cultura no seu municipio e que deben entenderse incluídas todo tipo de manifestacións culturais desenvolvidas no ámbito local, en senso amplo, incluídos as festas populares propias de cada localidade en base á normativa vixente no ámbito cultural en conexión co principio de autonomía local.

Vista a ampla importancia da festividade do Entroido no Concello de Vilasantar, que se ven desenvolvendo ano tras ano durante décadas.

Vista a necesidade de dotar á festividade do Entroido dunhas bases reguladoras do concurso que establezan as normas básicas que o regulen.

Visto o réxime de publicación dos actos administrativos de carácter xeral ou que teñan por destinatarios a unha pluralidade indeterminada de persoas recollido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vistas as bases do concurso de disfraces do Concello de Vilasantar, que se transcriben a continuación:

“BASES DO CONCURSO DE DISFRACES DO CONCELLO DE VILASANTAR

“ENTROIDO 2023”

O concurso de disfraces do “Entroido 2023” do Concello de Vilasantar terá lugar o día **18 de febreiro de 2023**, a partir das **17.00 h** no pavillón polideportivo de Présaras, e rexeráse polas seguintes bases:



que van interpretar. Utilizarase unha usb por cada participante que precise interpretar un tema.

QUINTA: A entrega de premios terá lugar o mesmo día de celebración do concurso, unha vez feita a avaliación polo xurado, de maneira simbólica, xa que a efectividade do premio farase por transferencia bancaria.

Os premios poderán quedar desertos no caso de que non haxa participantes.

SEXTA: para cobrar o premio os gañadores deberán de designar un representante (nome, apelidos, DNI) e facilitar no concello un número de conta (con IBAN) a seu nome para facer efectivo o ingreso, xunto cunha fotocopia do DNI.

SÉTIMA: Os presentes premios serán outorgados con cargo a partida orzamentaria 33022699.

OITAVA: O Concello de Vilasantar resérvase o dereito de darlle publicidade a estas bases e o concurso a través dos medios que considere oportunos.”

Dacordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réximen xurídico do sector público. Resolvo:

Primeiro: Avocar a competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este Decreto, que tiña sido delegada por decreto de alcaldía número 80/2019, de data 21 de xuño de 2019, na Xunta de Goberno Local.

Segundo. Aprobar as bases do concurso de disfraces do Concello de Vilasantar para o ano 2023 coa redacción que se recolle na parte expositiva deste acordo.

Segundo. Se lle dea traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación así como a súa notificación ós terceiros interesados que obren no expediente.

Mándao e asíno a súa señoría O Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu secretaria - interventora, María Chao Carballeira, dou fe.